

ACTA ASEMBLEA ORDINARIA 28/06/2024

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada en Vigo o vinte e oito de xuño de 2025, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

ASISTENTES	ESTAMENTO
1. D. Luis Martínez Mosquera	Arteixo Balonmán
2. D ^a . Ana Belén Mariño Taboada	Club Balonmán Lalín
3. D. Pascual Bartolomé Verdeal	Balonmán Línea 21
4. D ^a . María Torrente Rodríguez	Club Balonmán Narón
5. D. Rogelio Diego Senra	Asociación Deportiva Atlético Novás
6. D. Jaime Bouzada Torres	Asmubal Meaño
7. D. Pablo A. Rodríguez Castro	Club Bm. Tui
8. D. José Francisco Armesto Pin	Club Bm. Reconquista de Vigo
9. D. José Antonio Rodríguez Fraga	Club EBM. Xiria
10. D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl. Bm.
11. D ^a . M ^a Consuelo Prelchi Gallego	Club Balonmán Seis do Nadal
12. D. Iago Garrido Villar	Club Poio Artai
13. D. Iván Reinaldo Vallejo	Club Deportivo Cultural Ribeiro
14. D ^a Monserrat Rey Salorio	Club Bm. Atlántico
15. D. Ismael Lago Rodríguez	Club Bm. Cañiza
16. D. Juan Manuel Costas Prado	Club UB. Lavadores
17. D. Óscar Allegue Iglesias	Club Bm. Pontedeume
18. D. Ezequiel Álvarez Castro	Club Bm. Ribadosar
19. D ^a Lidia Rodiles García	Club San Tirso SD
20. D. Abel Estévez Carrera	Club Bm. Porriño
21. D. José Luis Rodríguez Ureba	Club Balonmán Arousa
22. D ^a María Irene Vilaboa Fernández	Club Bm. Moaña
23. D. Francisco J. Domínguez Pérez	Club SD. Teucro
24. D ^a Wallace Moreira De Salles	Sanxenxo Balonmán
25. D. Santiago Picallo Búa	Club Cisne Bm.
26. D. Alberto González González	Club Bm. Cangas
27. D ^a . Belén Cabral González	Club Bm. Luceros
28. D ^a María González Lago	Club Bm. Chapela
29. D. Vicente Rúa Santos	Club AD. Carballal
30. D. Miguel L. Rodríguez Suárez	Club Femenino Balonmán Brigantium
31. D. Manuel López Penela	CP Lucense
32. D. David Rodríguez Pérez	ADC Descubriendo Lugo
33. D. Aurelio Krook Moldes	Sociedad Atlética Redondela
34. D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador

35. D ^a . Ana Alonso Fragua	Xogadora
36. D. Adrián Mendiúña Gutiérrez	Xogador
37. Juan Carlos Quintas Aller	Xogador
38. D. Pablo M. Barreiro Suárez	Árbitro

O presidente, Bruno López, seguindo coa orde do día, da a benvida a todas as persoas asembleístas e explica o formato e funcionamento da asemblea para os novos membros, solicita permiso para que poidan entrar na asemblea os clubs non asembleístas: OAR Ciudad 1952, Balonmano Ribeira, Balonmán Cidade das Burgas, Club Balonmán Milenio, Balonmán Samertolameu e Petanca, ao que ninguén se opuxo.

Deste xeito, da comezo co primeiro punto da orde do día, o informe do presidente:

Informe do presidente:

Valoración Deportiva da Tempada 2024–2025:

Bruno López comentou que tempada 2024–2025 representou un novo chanzo no proceso de crecemento sostido e consolidación estrutural e social que caracterizan á nosa Federación. Durante este ciclo deportivo, alcanzaronse importantes fitos que reafirman o papel do balonmán como disciplina esencial no tecido deportivo, formativo e social de Galicia.

- **Fortalecemento competitivo:**

As competicións federadas desenvolvéronse con normalidade, rigor e unha elevada participación. As fases finais "Final 4" continuaron a encher os pavillóns e representaron unha fonte de ingresos para os clubs organizadores. Esta tempada celebráronse en múltiples sedes: Vigo, Lalín, Cangas, Meaño, Tui, Redondela, O Porriño...

Galicia consolidouse como referente nacional acollendo eventos de primeiro nivel como os Clasificatorios Europeos das Guerreras e dos Hispanos. Estes encontros non só atraeron milleiros de espectadores, senón que tamén puxeron en valor a nosa capacidade organizativa e a proxección exterior da nosa comunidade.

- **Resultados destacados:**

- CESA Pista: Subcampionato en categoría cadete masculina e dous bronce en categorías infantís.
- CESA Praia: Subcampionato e bronce en infantil masculino e cadete masculino.

- **Campionatos de España de Clubs e Fases de Ascenso:**

- Balonmán Luceros nas Fases Finais en categoría infantil e cadete masculina.
- Balonmán Cangas en Top 8 xuvenil feminina.
- Bueu Atlético Balonmán e SAR no Top 8 en infantil feminina.
- Ascenso do OAR á División de Honra Prata Masculina.

O presidente comentou que o éxito organizativo foi notorio. Os clubs galegos están a tomar a iniciativa, entendendo estes eventos como auténticos actos sociais e comunitarios.

- **Deporte base, formación e valores:**

Bruno López comentou que loita contra a violencia no deporte foi un dos eixos estratéxicos desta tempada. Fomos pioneiros na implementación dun proxecto necesario e valente, por necesidade, pero cunha gran resposta por parte dos clubs. O Federación Galega de Balonmán pasou polo momento máis complicado co pasamento de Andrés, algo que marcou un antes e un despois no balonmán galego.

- **As Escolas Deportivas**, desenvolvidas en colaboración coas deputacións, e o **Plan Corresponsables**, permitiron levar o balonmán ás zonas rurais, fomentar a igualdade e a conciliación, e captar novos deportistas desde as idades máis temperás.

- **Eventos** como a **Copa 5x5 Balonmán na Rúa** e a **Xira Galega de Balonmán Praia** achegaron o noso deporte á rúa e á praia, promovendo espazos de convivencia, educación e ocio saudable.

- **Profesionalización e desenvolvemento técnico:**

O presidente comentou que se puxo en marcha o **Proxecto de Tecnificación**, a través da creación do **Grupo de Detección e Desenvolvemento de Talentos Deportivos**.

Ao mesmo tempo, organizáronse cursos de formación para árbitros/as, oficiais de mesa e adestradores/as tanto de pista coma de praia, consolidando o noso compromiso coa calidade técnica.

- **Presenza territorial e cohesión:**

A Federación mantivo a súa presenza activa en todo o territorio galego, reforzando o traballo provincial e apoiando os clubs a nivel técnico, organizativo e formativo. Esta proximidade foi clave para garantir a cohesión do balonmán galego como un proxecto común.

- **Conclusión:**

Segundo o presidente, a tempada 2024–2025 pechouse cun balance moi positivo, marcado pola estabilidade organizativa, o crecemento deportivo e o firme compromiso coa base, coa inclusión e coa igualdade.

Di que dende a Federación Galega de Balonmán se continuará traballando con visión e responsabilidade para consolidar Galicia como un referente do balonmán estatal, proxectando valores e construíndo futuro.

Situación estrutural actual da FGBm:

Bruno López comentou que a Federación Galega de Balonmán conta con nove persoas en plantel, dende novembro de 2024 incluído o presidente. Insistiu en que o grupo de traballo é moi versátil e polivalente, facendo posible a realización das múltiples actividades que se veñen levando a cabo; e que nestes momentos tan só se baralla a posibilidade de incorporación de alguén máis na área deportiva e de comunicación.

O presidente comentou tamén que a federación traballa con provedores habituais que permiten unha estabilidade e o cumprimento duns estándares mínimos en todas as actividades.

Asemblea da Real Federación Española de Balonmano:

Bruno López comentou todas as propostas levadas a asemblea nacional, e destacou que os asembleístas galegos foron os únicos que presentaron propostas alternativas ás da RFEBM; deixando claro que tan só contaron cun apoio na proposta de eliminar o balón sen resina, e con ningún apoio na redución de grupos da categoría de Primeira Nacional.

O presidente incidiu nos argumentos para defender dúas propostas levadas polos representantes galegos, que buscaban a mellora do balonmán nacional, non os intereses particulares do balonmán galego, e amosou a súa resignación ante a pouca capacidade de independencia nas tomas de decisión por parte dalgúns estamentos e indicou que deberían realizar unha análise máis profunda da importancia da adopción de medidas na asemblea da RFEBM.

Seguro Deportivo Obrigatorio

Bruno López comenta que o comportamento da sinistralidade foi similar ao doutro ano anterior, replicando un dato especialmente preocupante: a porcentaxe de intervencións cirúrxicas (ao redor do 23%). Di que o número de sinistros volveu a ser moi elevado, e que o bróker actual estaba a ser totalmente transparente cos datos. O presidente comenta que esta situación provoca que sexa moi difícil atopar ofertas para o seguro

que precisa a Federación Galega de Balonmán, di que nestes momentos Allianz presupostou unha prima de 284€ por asegurado/a; Bruno incide en que se está a negociar coa actual compañía porque o funcionamento está a ser bo, pero que vai ser moi difícil acadar unha oferta que vaia acompañada dun incremento inferior ao 30%. Bruno López comenta que de non haber unha solución satisfactoria para os clubs a federación intentará facerse caso durante esta tempada, da maior parte da subida, para tentar que os clubs non soporten todo directamente. O presidente comenta que o motivo da alta sinistralidade apunta a varios factores: estado deficiente de moitas pistas, cambio constante de superficies, exceso de competición e adestramento para deportistas, participación en varias categorías por parte dun alto porcentaxe de xogadores e xogadoras, e a coincidencia de calendarios sen apenas descanso entre o balonmán pista e o balonmán praia, ademais da sobrecarga producida no balonmán praia entre adestramentos de clubs, competición e seleccións galegas e nacionais. O presidente incide en que a partires da tempada 25-26, a Federación Galega de Balonmán porá en marcha un “Plan de Prevención e Recuperación de Deportistas” para todos e todas as que se atopen na órbita das seleccións galegas, este plan tratará de limitar, controlar e pautar a actividade de recuperación para cada un dos xogadores e xogadoras que se atopen con posibilidades de entrar nalgún dos diferentes combinados galegos, este documento se pasará aos clubs por si o queren aplicar dentro do seu ámbito. Bruno López lembra que si algún club quere acceder á sinistralidade do seu club, se lle enviará sen problema.

Unha vez rematado co informe do presidente, pásase á votación das propostas.

Aprobación das contas, se procede, do ano 2024 .

Bruno López comenta que os asembleístas xa teñen no seu poder a memoria económica dende fai días, por iso vai tratar de explicar por enriba as conclusións máis relevantes da mesma e que si alguén ten algunha dúbida, realice as preguntas pertinentes para aclarala.

O presidente insiste en que a federación pechou o exercicio 2024 cun **resultado positivo de 3.685,25 €** e un **patrimonio neto saneado de 78.748,84 €**, o que supón unha **mellora de 15.533,57 €** respecto ao ano 2023. Ademais, logrou **reverter un fondo de manobra negativo**, pasando de -24.064,21 € no 2023 a un saldo positivo de **12.354,46 €**, o que reflicte unha clara recuperación financeira.

Os principais **indicadores da boa xestión**:

- **Incremento do activo total** ata os 531.329,85 €, con especial crecemento no activo corrente (existencias e tesourería).
- **Redución das débedas a curto prazo** e mellora no control de acredores.

- **Xestión eficiente das subvencións**, aplicadas correctamente malia os recortes orzamentarios por parte da Xunta de Galicia.
- **Aumento das reservas voluntarias** grazas á corrección dun erro contable favorable (11.848,32 €).
- **Mantemento do nivel de actividade deportiva e formativa**, cunha execución eficaz de eventos como a **Copa 5x5**, as **Escolas Deportivas** e a **Xira Galega de Balonmán Praia**, todos eles baixo control orzamentario.

Conclusión:

A Federación demostrou unha **xestión prudente, eficaz e profesional**, consolidando a súa **solvencia económica** e **capacidade organizativa**, mesmo nun contexto de incerteza pola financiación pública. As contas reflicten con fidelidade a súa situación financeira e compren cos principios contables legais.

Con isto, e ante a ausencia de preguntas, procédese á votación das propostas:

PROPOSTA 1: Aprobación, se procede das contas anuais 2024.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 38 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2: Memoria de actividades 2024.

Bruno López comenta que a memoria foi enviada hai días aos asembleístas, que si alguén ten algunha dúbida que pregunte, e ante a ausencia de preguntas sométese a votación.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 38 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 3: Regulamento de Licenzas 2025.

Bruno López e Patricia Sanmiguel comentan que o documento está en posesión dos/as asembleístas dende hai días, que é un requisito da Secretaría Xeral Para o Deporte de Xunta de Galicia e que trata de determinar o protocolo de tramitación e os tipos de licenzas.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 38 votos a favor e 0 abstención.

Bruno López propón facer un parón de 10 minutos porque ante a ausencia de aire acondicionado na sala é preciso tomar aire.

Ás 12:15 retómase a sesión.

PROPOSTA 2.1: Súper Copa Galicia Masculina.

O presidente explica o formato, comentando que seguindo o criterio aplicado na competición feminina de que os equipos de máxima categoría disputen directamente a final; deste xeito, o Balonmán Cangas clasificará directamente para a final, e

previamente se disputará unha semifinal entre o Oar e o Cisne en terras coruñesas; non hai preguntas e sométese a votación.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2.2: Copa Galicia Masculina.

Bruno López comenta que a competición iniciará con oitavos de final, e que participarán os equipos de Primeira Nacional da tempada 25-26. Rosa Vilaboa comenta que co sistema actual hai equipos que nunca poden xogar na casa, o presidente pide que o aclare, e despois da explicación, Bruno López admite que dende a federación non se caera nese detalle e que polo tanto se modifica a proposta e se engade que a sede das semifinais se asignará por sorteo.

Queda aprobada por 36 votos en contra, 0 votos a favor e 0 abstención.

PROPOSTA 2.3: Súper Copa Ibérica.

Bruno López aclara que esta proposta xorde dentro das iniciativas de colaboración coa Associacao d'Andebol de Porto e coa Federación Portuguesa; esta competición levaríase a cabo entre os equipos gañadores da tempada 24-25 en Galicia e das competicións de Oporto, comenta que o ideal sería competir coa mesma xeración coa que se acadou o título pero que tras analizar todas as posibilidades, esa opción non parece posible. O presidente di que este ano se celebraría en Matosinhos e a tempada próxima en Galicia, que na única categoría que hai dúbidas é na sénior feminina, xa que Oporto ten problemas para presentar equipo.

A representante do Seis do Nadal pregunta se hai axuda por parte da federación para a viaxe, e o presidente comenta que non, que a federación botará unha man nas cuestións organizativas pero a federación xa está a botar unha man con moitas cuestións, de feito a de balonmán é a única federación que segue a manter gratuítas as competicións e as licenzas de base, que o máis sinxelo é que os clubs se poñan de acordo para realizar o desprazamento, pero que evidentemente a idea é que esta competición medre no futuro e se transforme nun produto vendible para a federación e os clubs. Sen máis preguntas por parte dos asistentes, sométese a votación.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2.4: Ligas Prata e Competicións Alevíns e Benxamíns.

O presidente comenta que a modificación realízase co obxectivo de eliminar as reunións que levan a debates eternos nos que cada club mire os seus propios intereses; deste xeito, a federación realizará unha proposta escrita en función dos equipos inscritos e dará a oportunidade de presentar novas contra propostas para que en caso de que se produzan, se realice unha votación. Bruno López aclara que houbo unha reunión de clubs na que xa se asentaron unhas bases para as competicións 25-26, por exemplo en as competicións de mini-balonmán (incluído Coruña e Lugo) deixarán de xogarse por

concentración e pasan a ser en formato locatario-visitante, garantindo que todos os equipos xoguen cada quince días na súa casa; este é un dos acordos que a federación respectará. Sometese a votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2.5: Ligas Prata

Bruno López da a oportunidade de expor a proposta aos equipos que a asinan, e Adrián Menduiña explica que o cambio non supón practicamente nada a nivel económico e si un cambio a nivel deportivo, xa que a primeira fase (por proximidade) se xogará a unha volta e as seguintes fases (por nivel deportivo) a dobre volta. Bruno López aclara que isto pode provocar que competicións que van ligadas na primeira fase, poidan non ir nas seguintes fases. A representante do Bm. Atlántico fai unha reflexión sobre quen debe xogar esa competición e quen non, e o presidente di que a proposta é a que é, e que o mellor é votala. Non hai máis preguntas e procedese á votación:

Queda aprobada por 3 votos en contra, 29 votos a favor e 4 abstencións.

PROPOSTA 2.6: Fase Final Competicións Alevíns e Benxamíns

Bruno López comenta que a intención é que as fases finais non teñan carácter competitivo, que a experiencia coa intensidade que vive a xente estas fases non está a ser boa, e a mensaxe ao nenos e nenas nestas idades debe ser moi diferente ao que están a recibir. O representante do Linea 21 comenta que o mellor sería que a fase principal tampouco tivese competición pura e dura e Bruno López aclara que fan falla uns mínimos, que se non se pode garantir a participación do 100% dos equipos na fase final, algo que aínda non se sabe, debe haber un criterio, e que onde está a haber os maiores problemas é na fase final, de todos xeitos, a federación ten intención de facilitar a participación de todos os equipos que queiran xogar, esperando que sexa posible. Procedese á votación:

Queda aprobada por 1 votos en contra, 31 votos a favor e 4 abstencións.

PROPOSTA 2.7: Brazaletes delegados/as de Campo.

Bruno López comenta a proposta, coa idea de dar visibilidade á figura de delegado/a de campo, comenta que cada club recibirá dous brazaletes por parte da FGBm e que de precisar máis, a federación poraos á venda. Sometese a votación:

Queda aprobada por 1 votos en contra, 34 votos a favor e 1 abstencións.

PROPOSTA 2.8: Modificación Artigo 53 b. Difusión de resultados.

Bruno López expón a proposta, deixando claro que busca que as competicións onde hai designacións de mesa se poidan seguir minuto a minuto, polo tanto en categorías de 2ª

Autonómica e Xuvenil, sería obrigatorio por parte do equipo local, o ordenador e a conexión a internet. Sométese a votación:

Queda aprobada por 1 votos en contra, 34 votos a favor e 1 abstencións.

PROPOSTA 2.9: Modificación Artigo 19. Encontros organizados pola FGBm.

Bruno López pide a Anxo Otero que aclare a proposta, xa que a ten máis clara, e el incide en que a mesma, trata de evitar que equipos do mesmo club poidan xogar contra o mesmo club na mesma xornada en diferentes localidades ou franxas horarias, ten a finalidade de aforrar custes e optimizar os recursos dos clubs.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2.10: Modificación Artigo 42. Taxa delegado/a Federativo/a.

Bruno López expón a proposta e aclara que a federación tan só está a enviar de oficio ao delegado/a nalgúns Play Off, pero que a intención a de non abusar desta figura a non ser que os clubs a soliciten; ante a ausencia de preguntas procede á votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2.11: Adestradores/as.

Bruno López comenta que esta proposta ten coma finalidade seguir facilitando o acceso a adestradores/as para os clubs, polo tanto un xogador/a sénior, podería adestrar a outro equipo sénior do mesmo club pero de diferente competición; por exemplo A.D. Carballal ten esta necesidade co seu filial, e ao non haber incompatibilidade normativa coa duplicidade de licenzas, creen que é positiva. Sometese a votación.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2.12: Aumento cota principal xogadores/as.

O presidente comenta que de infantís a xuvenís o número máximo de xogadores/as será de 20, para coincidir coa normativa da RFEBM, sometese a votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2.13: Reestruturación NOREBA-GA.

Bruno López comenta que a proposta ten coma finalidade que o documento sexa máis comprensible para calquera persoa que non teña coñecementos de balonmán, que non modificará o contido pero si aclarará a redacción e reordenará os artigos cunha orde lóxica e intuitiva. Sen que se produzan preguntas, sometese a votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 35 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2.14: Xira Galega de Balonmán Praia.

Bruno López comenta que a Xira Galega de Balonmán Praia actualmente non ten capacidade para abarcar toda a demanda existente, as praias non dispoñen de espazo para máis de catro campos, a consecución dos permisos é unha auténtica odisea e os

clubs están a esixir uns servizos moito máis caros que en pista se xerar un retorno claro, é máis, nalgúns casos os propios equipos fan referencia cos seus nomes a outras modalidades deportivas diferentes ao balonmán. O presidente insiste en que o propio circuíto nacional se viu reducido, porque o balonmán praia medrou de xeito descontrolado e isto provocou que a Federación Galega de Balonmán sexa a única federación autonómica de España que asuma o 100% da organización das probas, provocando importantes desaxustes económicos e de persoal, e o peor é que os clubs específicos de praia non están a valorar o esforzo nin a colaborar coa recollida das probas, polo tanto, dende a FGBm considérase que os clubs deben, ao igual que en pista ou en outras modalidades, asumir a organización dalgunhas probas para coller conciencia da realidade.

O representante de “Petanca” (club de balonmán praia) di que este ano se subiron os custes e se deu un peor servizo, por exemplo que tan só hai un dispensador de auga cando antes había dous, e que o mellor sería facer unha reunión para negociar como se realizará o ano que ven.

Bruno López di que poña data para esa reunión, pero que será máis informativa e de traballo que de negociación, que este ano tan só hai un dispensador porque o ano pasado quedaron inservibles, e que a auga é consumida por deportistas, familias que van á praia e que non teñen nada que ver coa xira e por xente que a aproveitaba para mollar a cabeza, ou os pés...O presidente insiste en que non se vai mover da proposta e que para valorar o que hai, a algúns clubs vailles a vir moi ben ser organizadores das probas, xa que a día de hoxe non había nin colaboración para a montaxe nin a desmontaxe, e que o que o problema non era que aumentasen os custes, o problema era que aínda así están moi lonxe de cubrir o servizo que se ofrecen. Bruno insistiu en que este ano grazas ao entendemento entre Xunta de Galicia, Bueu Atlético Balonmán e Concello de Bueu se puido sacar a Xira, pero que unha semana antes de presentala, parecía inviable a súa celebración; tamén insistiu en que a xente paga moito máis por participar nun Arena 1000 e que ao final, as axudas que se están a conseguir a través da actividade promovida pola Federación Galega de Balonmán, se están a investir na competición nacional. Sometese a votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 18 votos a favor e 8 abstencións.

Unha vez aprobada a proposta, o presidente insiste ao representante do club “Petanca” en que espera noticias sobre a data da reunión.

PROPOSTA 2.15: Calendario Deportivo 25-26.

Bruno López comenta os condicionantes do calendario da RFEBM, e insiste en que non hai marxe de manobra para outras datas e que non queda máis remedio que co formato actual comezar antes ca o ano pasado. Sometese a votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 25 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2.16: Aumento da dieta do colectivo arbitral.

O presidente argumenta a proposta e agradece ao colectivo arbitral o esforzo destes anos, xa que estaba a 9€, pero que a día de hoxe non é posible atopar menús en fin de semana por menos de 14€. Non hai dúbidas e sometese a votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

Unha vez rematadas as votacións das propostas na quenda de rogos e preguntas o responsable do Balonmán Reconquista intervéñe brevemente cunha reflexión e un rogo, ningún máis intervéñe.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:15 horas, agradecendo de novo o Presidente a asistencia dos/as asembleístas

Asdo:

O Presidente:

A Secretaria Xeral:



Don Bruno López Molina



Dona Carla Abad Alonso

En Vigo a 28 de xuño de 2025